

QUÉ É O PLAN ARELA? INSCRÍBETE XA!

Qué é o plan Arela?

Arela é un programa activo de empregabilidade impulsado polo Concello de Pontevedra, baseado na colaboración e nos obxectivos comúns. Dirixido a 20 profesionais en situación de búsqueda activa de emprego, ao longo de 3 meses. As persoas participantes axúdanse para xerar novas oportunidades laborais.

- Arela non é un curso de formación de 3 meses; en equipo **decidimos cales son as nosas necesidades**.
- Arela non é unha experiencia pasiva; é un **programa vivencial**.
- Arela non é enfocarse cara ós problemas; Arela é ir **acadando retos en equipo** para crear novas oportunidades laborais.
- En Arela non hai profesorado que diga o que temos que facer, o que está mal ou o que está ben. En Arela **ti es a persoa responsable do proceso** de mellora da túa empregabilidade
- Arela non é un programa de asistencia obrigatoria; Arela é un **programa voluntario e libre** onde os teus resultados dependen do teu compromiso persoal
- Arela non é estar na cadeira bostezando de aburrimiento; Arela é **traballar doutro xeito e divertirnos** para acadar os nosos obxectivos comúns e individuais

A estrutura do plan Arela:

1. Sesións de equipo semanais: o fin é crear unha comunidade de persoas que colaboren e se axuden na busca de emprego ou autoemprego. O equipo de participantes e o equipo docente responsable, reúnen os xoves pola mañá de 9.30 a 14.00 horas no Centro de Emprendemento de Santa Clara.
2. Experiencias formativas a demanda: a formación se decide mediante acordo e fundamentalmente é impartida polas persoas participantes do programa e por colaboracións externas para potenciar a creación natural de redes profesionais. A formación dependerá das necesidades detectadas polo propio equipo, sen esquecer aspectos transversais como o autocoñecemento, intelixencia emocional, autoestima, xeración de redes, traballo en equipo, creatividade, marca persoal, cvs, e redes sociais
3. Acompañamento individual: cada persoa participante desenvolve ó longo dos tres meses do programa, un proceso individual co fin de reforzar as súas competencias, desenvolver competencias novas e trazar un plan coa finalidade de acadar os seus obxectivos profesionais. Organízase en dúas sesións mensuais nas que se traballa con ferramentas de autocoñecemento, creatividade, coaching, intelixencia emocional...
4. Familias creativas: Encontros de creatividade e xeración de rede entre empresas, institucións, persoas en busca de emprego e persoas emprendedoras. O obxectivo é conectar e intercambiar experiencias para evolucionar en grupo. Haberá unha sesión mensual o último xoves de cada mes de 19.00 a 21.00 horas.

Se estás pensando que Arela é o que andabas a buscar, [África Rodríguez](#), [Cris Fariñas](#), [Noela Quintana](#) e [Raguel Pedrouso](#) vos esperamos no centro de Emprendemento de Santa Clara.

Onde e como inscribirse?

Só dispoñemos de 20 prazas polo que se queres unirse é preciso que participes nun proceso de selección con dúas fases:

- Fase I: ata o vindeiro 29 de setembro. É preciso que des resposta sincera e honesta ó seguinte cuestionario. <http://goo.gl/7IMFyu>
- Fase II: proceso de selección do 3 ao 7 de outubro

Resumo da primeira edición. A opinión das persoas participantes.

Arela ou Equipo Raiola como se bautizaron as persoas participantes da primeira edición do programa Arela traballaron e potenciaron durante 12 semanas habilidades tan importantes como a creatividade e a colaboración pero sobre todo o que destaca o optimismo e entusiasmo co que camiñar nesta nova etapa das súas vidas profesionais. Aquí tes algúns dos seus testemuños que transmiten o propósito de Arela:

- *O proxecto Arela axudoume a coñecerme máis como persoa e a atopar novos métodos na procura de emprego. Ademais de coñecer a un grupo marabilloso de persoas. **David** (Especialista en humidades)*
- *Arela supuxo unha porta aberta ao mundo do emprego nunha cidade con pouca oferta laboral e velo desde un punto diferente, desde o crecemento como persoa e como traballador. Unha forma distinta de postularche antes as ofertas actuais. O proxecto non é soamente de empregabilidade laboral senón que se creou un equipo, denominado Raiola, onde os integrantes desenvolven os seus propios proxectos profesionais e un proxecto común como equipo onde desenvolver novas competencias profesionais e adquirir novos coñecementos. Non somos desempregados, somos persoas que saben xerar novas oportunidades. **Mar** (Atención ao cliente)*
- *Cando empecei o proxecto Arela estaba moi negativa respecto ao mercado laboral. O curso servíume para motivarme e saber exactamente o que quero ou espero nun traballo?. **Lucía** (Comercial e Atención ao Cliente)*

Podes informarte no teléfono 607 72 92 40 (Noela Quintana)

Ademáis, aquí tedes o vídeo da edición piloto do programa <https://vimeo.com/122213716>